

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN MODELO DE EQUILIBRIO XERAL COMPUTABLE E MEDICIÓN DO POSIBLE IMPACTO DUNHA BAIXADA DO IVE DO PEIXE E O MARISCO NAS PREFERENCIAS DOS CONSUMIDORES NO ANO 2025

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Patricia García Sánchez, directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten formalizado coa UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 14 de febreiro de 2025 ata o 15 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A creación dun modelo de Equilibrio Xeral Computable (CGE) asociado as táboas input-output de Galicia que permita ampliar o rango de aplicacións e análises e, en particular, mellorar a medición de impactos asociados a cambios nos impostos, como pode ser o caso do IVE, ou cambios nas preferencias dos consumidores.

En particular, unha vez programado o modelo, procede aplicalo, en primeiro lugar, ao impacto da baixada do IVE do peixe e á modelización dunha campaña de promoción do seu consumo para estimular a demanda.

Por parte da Consellería do Mar:

- 1.- Á achega, como máximo, das cantidades que figuran na cláusula segunda do presente convenio, para levar a cabo o obxecto do mesmo.
- 2.-A orientar e facilitar toda canta información sexa necesaria para a boa realización dos programas obxecto do convenio.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar. Así mesmo, no seu artigo 2.7, a citada Lei destaca: "7. Desenvolver e mellorar os procesos de comercialización e transformación dos produtos pesqueiros, así como fomentar o exercicio dun comercio responsable que garanta a calidade, a trazabilidade e a identificación dos produtos".

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,



Santiago de Compostela,

A directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Patricia García Sánchez

